




O Hypersector TIC en Galicia

Resumo executivo

Edición 2018

PRINCIPAIS DATOS

O **Hipersector TIC** emprega a **23.308 traballadores/as** e medra un **6,1%** respecto do ano anterior.

Trátase do maior volume de emprego alcanzado **nos últimos cinco anos** e supón a incorporación ao sector de **1.335 traballadores/as** novos no último ano.

A porcentaxe de **mulleres empregadas** no **Hipersector TIC** é do **33,9%**.

O número de **empresas** do **Hipersector TIC** en Galicia ten un crecemento sostido desde o ano 2013 (un **9,9%** neste período) e acada as **3.474 empresas**.

O **valor engadido bruto (VEB)** do **Hipersector TIC** galego aumentou un **9,1%** no último ano e supera xa os **1.300 millóns de euros**.

No ano 2017 **as exportacións de bens** do **Hipersector TIC** en Galicia supuxeron uns ingresos de máis de **105 millóns de euros**, o que se traduce nun incremento do **36,8%** respecto ao ano 2016.

ÍNDICE



*Demografía empresarial e peso na
economía galega*

Emprego


Comercio exterior e I+D

Principais resultados do estudo “O Hipersector TIC en Galicia”, Edición 2018

Realizado polo Observatorio da Sociedade de Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), adscrito á **Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)** da Xunta de Galicia.

Incluído no Plan Galego de Estatística 2017 – 2021. Marco estratéxico: Axenda Dixital de Galicia 2020.

OBXECTIVOS



Coñecer a situación actual e a evolución das actividades que compoñen o Sector das Tecnoloxías da Información (TIC) xunto co sector dos Contidos e Servizos Audiovisuais.

Proporcionar información para avaliar o impacto das iniciativas impulsadas pola Axenda Dixital de Galicia 2020 no hipersector TIC.

Nota :

Fontes de información empregadas: IGE, INE, Afiliacións e contas de cotización subministrados pola Seguridade Social



Demografía empresarial e peso na economía galega do Hipersector TIC

EMPRESAS NO HIPERSECTOR TIC


3.474 empresas, un **1,9%**

máis que o ano anterior

No período 2013-2017

crecemento do **9,9%**

Número de empresas do Hipersector TIC en Galicia. 2013-2017




Variación

Fonte: IGE, Directorio de empresas 2013 - 2017

75,6% pertence ao **Sector TIC** e o

24,4% ao **Sector Contidos**

DISTRIBUCIÓN DAS EMPRESAS DO HIPERSECTOR TIC



5ª comunidade autónoma, 4,4% do total

de empresas do **Hipersector TIC estatal**


VALOR ENGADIDO BRUTO E PESO NA ECONOMÍA GALEGA

O VEB aumentou un **9,1%** no último ano, superando os

1.300 millóns de euros



Valor Engadido Bruto do Hipersector TIC en Galicia. (2013-2016)



□ % Variación do Valor engadido bruto do Hipersector TIC respecto ao ano anterior

Fonte: IGE

(p) Datos provisionais.

Nota: Na economía empresarial o valor engadido bruto (VEB) é a macromagnitude económica que mide o valor xerado polo conxunto de produtores dunha área económica, recollendo en definitiva os valores que se agregan aos bens e servizos nas distintas etapas do proceso produtivo. O VEB garda unha estreita relación co PIB, que se obtén logo de engadirle ao valor agregado do país os impostos indirectos que gravan as operacións de produción


O IGE cambiou a base contable para adaptarse á nova metodoloxía europea (Sistema Europeo de Contas SEC-2010), o que obrigou a refacer as estimacións tanto do Produto Interior Bruto (PIB) de Galicia como das ramas de actividade que o forman. Este é un procedemento habitual en cada cambio de base contable co que se pretende ofrecer unha imaxe fiel da economía e as súas compoñentes.



EMPREGO NO HIPERSECTOR TIC

EMPREGO

Evolución do emprego no Hipersector TIC (2014-2018)



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados pola Seguridade Social, 2018.


O número de empregados/as do
Hipersector TIC incrementouse un

6,1% no ano 2018, o maior
crecemento dos últimos 5 anos e acadando
os **23.308** traballadores/as

O subsector TIC creceu un **7,7%**, e o
subsector CONTIDOS experimento un
crecemento dun **0,7%** no último ano.

Evolución do emprego no Hipersector TIC

(2014-2018) segundo provincias



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados pola Seguridade Social, 2018.

EMPREGO POR PROVINCIAS

Máis do **57%** do emprego no Hipersector TIC

concéntrase na provincia da **Coruña.**



1.335 empregados /as novos incorporados ao

Hipersector TIC no ano 2018, dos que **836** foron na provincia da Coruña.


EMPREGO POR XÉNERO

A porcentaxe de **mulleres** no Hipersector TIC é do **33,9%**

No subsector TIC a porcentaxe de **mulleres** é do **31,6%** e
no subsector CONTIDOS a porcentaxe de traballadoras é do

41,9%

Distribución por xénero do emprego no Hipersector TIC. Ano 2018.



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados pola Seguridade Social, 2018.




COMERCIO EXTERIOR E I+D

EVOLUCIÓN DAS EXPORTACIÓNS

No ano 2017, o Hipersector TIC **exportou bens por valor de máis de 105 millóns de euros,**
un 36,8% máis que no ano 2016.

As **exportacións de bens** do Hipersector TIC rexistraron **o maior incremento** na **serie histórica 2013-2017.**




As **exportacións** de bens do Hipersector TIC proceden maioritariamente do **Sector TIC (94,7%).**

I+D nas empresas galegas

O **gasto interno en I+D** en Galicia **incrementouse** nun **13,3%** no ano 2017 e supera os **570 millóns de euros**.

A **cifra de traballadores/as en I+D a xornada completa** en Galicia durante o 2017 **aumentou** nun **9,6%** e acada os **10.266 empregados/as**.

Evolución dos gastos internos totais en I+D en Galicia* (2013-2017)



Fonte: INE, Estatística de I+D, 2017*.

*Datos provisionais

Galicia é a sétima Comunidade Autónoma que **máis investiu en I+D** respecto ao conxunto estatal.

Máis información: www.osimga.gal